

## **O Festival de Cine Inclusivo de Vigo abre o prazo para votar no primeiro concurso de *webseries* online**

- As series poden verse na web do festival e os internautas poden escoller a súa favorita.
- Nesta primeira edición participan cinco *webseries* inclusivas:  
*Enfermedades raras, Indetectables, Amor superdotado, #Sitcom e Hasta la vista!*

O Festival de Cine Inclusivo de Vigo, que arranca a súa parte presencial a vindeira semana do martes 13 ao sábado 17, lanza o primeiro concurso de *webseries* online. Todo **o público xa pode ver as cinco series que participan nesta primeira [edición a través da web do festival](#) e votar a súa favorita.**

Desde a primeira edición o festival quixo visibilizar as *webseries* inclusivas galegas. Agora **os organizadores cren que é o momento de convertela nunha sección competitiva e facela internacional.** No ano 2016 o festival programou a presentación da *webserie* do director canario afincado en Galicia Veru Rodríguez, *Mírame cuando te hablo* en lingua de signos. Nas seguintes edicións presentáronse *Generación Wifi* da directora Julia Castro, *webserie* onde a protagonista está acompañada por personaxes con discapacidade que lle ensinarán a ver a realidade sen filtros. E *Sorrisos transformadores* de Noemí Chantada e Óscar Pardo, sobre a realidade dos nenos e nenas trans.

No concurso deste ano **participan as *webseries Enfermedades raras, Indetectables, Amor superdotado, #Sitcom e Hasta la vista!*** Os directores das mesmas escolleron un capítulo que xa se pode ver online en: <https://www.festivalcinevigo.es/webseries/> Despois de velas, todo aquel que o desexe pode escoller a súa favorita. **O prazo para votar remata o xoves 16 de outubro ás 23.55 horas.**

**Máis info sobre as *webseries*:**

### ***Amor superdotado***

España / 2019 / 7'

Dirección: Roberto Pérez Toledo

A primeira *webserie* española de Facebook Watch, creada polo director de cinema Roberto Pérez Toledo, narra unha historia sobre mozas e mozos con mentes brillantes, reunidos durante unha fin de semana nunha convención de rapaces con altas capacidades.

### ***Enfermedades raras***

Galicia / 2019 / 22'

Dirección: Jorge Cameselle, Teresa Calheiros-Cruz e Lucía Cameselle

Serie documental, creada e dirixida por médicos vigueses, sobre enfermidades raras, que foi premiada nos certames internacionais Cine Médico, Saúde e Telemedicina VIDEOMED.

### ***Indetectables***

España / 2020 / 16'

Dirección: Sonia Sebastián (Asociación Apoyo Positivo)

Lina recibe a noticia de que ten hepatite. Seguindo as indicacións da súa doutora, terá que contactar coas súas anteriores parellas para que se fagan un chequeo. É a primeira serie de ficción online sobre VIH, saúde sexual e diversidade producida en España.

### ***Sitcom***

Galicia / 2019 / 17'

Dirección: Iago González (Proyecto Máscaras)

As persoas con discapacidade intelectual poden votar. Por fin chega a data tan esperada e, ao finalizar a ansiada cita coas urnas, a "patrulla cidadá" vaixe reunindo na cafetería para compartir anécdotas da xornada á espera dos resultados. E ocorreron moitas cousas...

### ***Hasta la vista***

Galicia / 2019 / 8'

Dirección: Alexandre Cancelo

*Webserie* que mestura ficción e documental para achegar á audiencia global das redes sociais historias reais e ficticias de camiñantes que atravesan os camiños de Galicia cara Santiago ou Fisterra.

### **Para máis información e entrevistas:**

<http://www.festivalcinevigo.es/>

[prensa@festivalcinevigo.es](mailto:prensa@festivalcinevigo.es)

659 190 681